

O VELLO E MAIS O RÍO

A min de neno gostábame aquel vello. Mireino a primeira vez pola ponte dos Frades. Daquela inda non se tiña feito a estrada. Ruxía o vento doutro xeito nos carballizos polo mes dos Santos. Eu andaba polo segundo mi terceiro ano do Instituto.

Atopei unha semellanza entre os vieiros aburatados e esnaquizados polas arroiadas e a familia do vello. Tamén lucía nos ollos claros algunha relembanza de estrela, coma nas puzarcas das laxes. E fatigábame con certa ledicia de froito acedo maxinando se as puzarcas e regos da faciana do vello eran obra do tempo ou das bágoas. Semellante a un pobre ós lonxes, cando na costa levába o peso do ceo e do mundo, subindo sen saber se acariñaba a testa dun can ou acenaba de lonxe ós labradores para saber dos camiños.

Eu fun tras del porque cadrou e tamén porque quixen. Andaban ca resaca en Santa Cruz. Miña xente mandou recado dende abaixo para que baixara co cachicán, que tiña rubido a procurar non sei que cousas. Pero eu deixei ir e cando albisquei ó vello, que non era releeiro no camiñar, fun a pos del, polos eidos, vixiando de cando en cando por riba das capias dos vellos muros hedrentos, on por entre os piornos e xesteiras das sebes.

Había bocados de soutelos e fincas case deixadas, como aquela tamaña da Cuqueira, onde era doce e o tempo daba un aire de

home ó se sentar debaixo do pendello, considerando a porta coartelada da bodega e o inzarse case riseiro e xogantín dos verdes e pulantes loureiros estrebillando entre as pedras.

Adiantaba o home, con andar calcado. Seu bastón preguntaba cousas ás pedras, ás árbores, e eles cecais contestaran... Era un vello bastón de paseante illado. Foi considerando o vagantío da ribeira. Dominase ben dende o comunal de Fechos, alí onde había un baril sobreiro aínda novo, de curtiza roxa despoixa de mondado. Hoxe pode abranguer unha boa rollada de rapaces con gando e todo.

O vello, falando para si dicía: “Por remate, e despois de tantos vieiros, chego a me decatar da miña vida. Me non queixo. Todos eles foron precisos para este gozo sereno, e este mel que me fai esquencer suar, ó tempo de me lembrar, como brillantes fios de auga na encosta, tódalas horas e cecais os intres do meu longo vivir...

As arboredas e as capias das paredes e os asucamentos das arroiadas nos camiños gardaron as palabras, cheas deica madurer de pensamentos, do vello, e despois, eu como bon alumno da Escola ribeirá, sóubeno espertar e ler, como fan os sabidores cos antigos códices e palimpsestos.

Baixou pola costa costíña dos Mortos, detívose dubidando no parladoiro dos camiflos acaroados coa branca casa chamada entón do “Padre Cura”, por un que tiña sido monxe bernaldo,

colleu dereito para o Valdoso, como se algunha cousa, ou fito ou o enteiramento de algo, lle dixera que onde había de ir. Apenas gastou tres alancadas en pasar a carretera, que entón era máis maina, cansa e paroleira pola mensura imposta polos machos dos arrieiros. E de seguida chegou pé do río, e púxose nun pequeno encaixe de coiñal, por debaixo das encostas e crebadas inzadas de torgueiras de uces, e meteu as mans, entrambas mans, como cando se reza, na auga decorrente.

Collíaa primeiro, a fios, cativos e ledos, que lle escorrían entre as mans, e falaba:

—Regueiros da Terra Chá de meus aniños. Albo e verde bídalo. E o meu cantigar polos lameiros. Daba gosto a friaxe verde e non tiña grimo de se bañar espida nos illós a estrela da mañá por un eu mozo inocente.

Despois apañaba o trollo fino, gris, como boa fariña mollada, e con el facía pequenas monecas que ía botando ó río.

—As primeiras tristuras. Cecais un namoro alboradeiro. E este gracioso barro, cor de pupila, na memoria. E aquela anguria de non poder expresar o mar e a dor. E fannos o paxaro e o salgueiro.

Outras vegadas —os días decorrían, a ribeira íase afundindo no inverno, e na voce do río tremados medos e tamén disformes ecoares de alegrías das longas noites— o vello apañaba os fermosos croios.

Hai entre os croios caveiras, e os cálculos do vil do mundo, e as

doas do colar da xiganta, e os que fan xurdir a centella do lume, e os tristes e adunnidos, uns nos homeiros dos máis, para caeren todos tristes, domeados polos recordos.

—Miña vida. As obras esforzadas, o penedo esnaquizador e o seixo albor pulido como cuncha... Todo para xogo de nenos, acantazamentos de rapaces e este xordo bruído do esborrallarse ó pasar a morte lixeira.

Outras veces o home sostiña coas mans un grande pelouro: so remordemento! Sufrín moito. Pero ti me mantiveches ergueito en dor e espírito. Afleime en ti. ¡Meu remordemento branco, meu cráneo acusador, meu pezo e lastre no barco do vivir...!

Enxergando as augas medradas falaba:

—O Miño vai dende hai légoas, como en hai anos, decorrendo sobre das propias lembranzas. Xa non toca coas augas vellas, sensitivas, chan novo algún. Decorre sobre si mesmo. En verdade xa está morto, belidamente morto... Pero deixar maxinar o vello río.

Collía a auga con tino e respeto, decatábase de ter descuberto un novo sistema de contar o tempo. E era seu tempo, seus minutos, decorrendo, xiados pero tamén amantiños, que choraban deixando bágoas nos dedos do vello cando voltaban ó río, obrigados pola lei do eterno devalar.

De tal xeito o vello espellaba seu ser no río que debía chegar a sentilo como o tremar e latexar do propio corazón, e doíase se

chovía por el ou o mancaban as barbas dos poucos pescantíns, e aledabábase cando a neboeira alongaba deica ben entrada a mañá o durmir, ben inzados de laios e ensoños do vello río.

As xentes considerábano como unha feitura das cousas. Moitos nin reparaban nel. As veces demandaba unha cunca de caldo ou un grolo de viño. Ten estado debaixo da cepa grande e parreira da nosa casiña da Porta do Prado. Os homes da resaca manifestábanlle unha xorda nemiga, cecais non mal avencellada co medo. Para os nenos e as mulleres era como un erbedeiro que falara ou un vento pousado no curro e tomando fólegos para volver ó seu camiño.

Agardaba, ledado e calado, envolteito no seu tabardo, debuxando runas de antigos pensamentos co caxato na auga ou na area, ou no trollo enxoiado, fino e gris do río, que loce engados de pupila de muller e rexistra os peños das nenas de camiñar espido e das aves.

Se o levou o río, cun salario de amor, perdón e caridade, se foi no neboeiro que papa tódalas figuranzas e non devolve ningunha, non o puido saber o neno de entón, ledamente abraiado no mito decorrente do mundo, nin os homes do despois esculcador da excusas e vellas historias da ribeira. Debeuse ir na neboeira. Pois unhas mulleres de Calvelos dixeron que por entón houbera unha néboa triste, como se nela se espaxase a luz duns ollos de morto e no cachón do río un comezo de oficio de Difuntos, non seguido para adiante pola présa que ten o mesmo río de morrer

logo.

RAMÓN OTERO PEDRAYO, *Contos de santos e nadal*. Galaxia, Vigo, 1988, pp. 61-67.